

os autores novos reúnen-se na coruña o vindeiro 17 de setembro e vigo acollerá o ciclo escritores na universidade

A crise e a edición dixital centran os vindeiros encontros da AELG

A VI Edición do Encontro de Escritores/as Novos/as, que organiza a Asociación de Escritores en Lingua Galega, celébrase o vindeiro 17 de setembro na Sala Normal da Coruña. *Da tinta á pegada dixital* é o lema dun encontro no que haberá intervencións sobre as revistas literarias na era dixital, ou *As revistas dixitais en Galiza: pasado, presente e futuro*. Pola súa banda, en Vigo, os xoves seis e vinte de outubro e mais o tres de novembro, a Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo acollerá as sesións do VI Ciclo de mesas redondas Escritoras/es na Universidade, tamén coordinado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Desta volta, o lema escolleito é *Literatura galega hoxe (alba de gloria ou solpor dos deuses): poesía, narrativa, teatro. Os escritores/as perante a crise*.